

ACTA NÚMERO: 12/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 31 DE MARZO DE 2022.

Na sala de xuntas do Pazo Provincial sendo as 10 horas e 30 minutos do día 31 de marzo de 2022 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, en funcións de Secretario Accidental da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais
- Dona Alma Pérez Aguiño, Administrativa do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Proposta de adjudicación mediante procedemento aberto simplificado da contratación dun seguro de responsabilidade civil/patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería. (Expte.- 2022003542).*
2. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso. (Expte.- 2021031396).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección de obras de instalacións de biomasa sostibles I nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa recollidas nas actuacións do proxecto IDAE num Feder EELL-2020-004535 que conta con financiamento do 80% do FEDER a través do IDAE. (Expte.- 2021066722).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara. (Expte.- 2022002147).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara. (Expte.- 2022002147).*
6. *Apertura dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguraza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)". (Expte.- 2021038292).*
7. *Aprobación de valoracións do sobre "A" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, do P.Q. 0+320 ó P.Q. 11+767 (Concello de Rodeiro)". (Expte.- 2021046977).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, do P.Q. 0+320 ó P.Q. 11+767 (Concello de Rodeiro)". (Expte.- 2021046977).*



9. *Aprobación de valoración do sobre "A" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas)". (Expte.- 2021060894).*
10. *Apertura electrónica dos sobres "B" corresponde á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na EP-8101 Portas-Romai (Concello de Portas). (Expte.- 2021060894).*
11. *Aprobación de valoración do sobre "A" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Redacción do proxecto de iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior". (Expte.- 2021047530).*
12. *Apertura electrónica dos sobres "B" corresponde á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Redacción do proxecto de iluminación monumental e paisaxística e mellora da instalación eléctrica na parcela do Castelo de Soutomaior". (Expte.- 2021047530).*
13. *Proposta de adxudicación da Ampliación da capacidade de almacenamento das cabinas Unity 450F All Flash da Deputación de Pontevedra, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 13/2018, do sistema estatal de contratación centralizada, para o subministro de servidores, sistemas de almacenamento e software de infraestrutura. (Expte.- 2021053987).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP., e D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Proposta de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado da contratación dun seguro de responsabilidade civil/patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería. (Expte.- 2022003542).

O Secretario informa que por acordo da Xunta de Goberno de data 4 de marzo de 2022 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do seguro de responsabilidade civil /patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de marzo de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación celebrada o día 25/03/2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres "únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dun



seguro de responsabilidade civil/patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería.

A única empresa presentada e admitida foi, Mapfre España SA, sendo os valores ofertados os seguintes:

1.- Prima total anual ofertada:

Prima neta	96.754,51 €
Imposto primas de seguros (IPS) 8%	7.740,36 €
Otros impostos, gastos, taxas ou recargos repercutibles	145,13 €
Prima total anual ofertada	104.640,00 €

2.- Franquía xeral por sinistro ofertada: 600 €.

3.- Porcentaxe de incremento de capital asegurado por sinistro e anualidade na cobertura de Responsabilidade civil xeral sobre o mínimo esixido (5.000.000,00 €):40%.

4.- Porcentaxe de incremento de capital asegurado de sublímite por vítima en Responsabilidade civil patrimonial sobre o mínimo esixido (600.000,00 €): 25%.

5.- Inclusión da cobertura de Responsabilidade civil publicitaria cun límite de 300.000,00 e por sinistro e anualidade: Si.

6.-Inclusión da cobertura de responsabilidade civil de protección de datos cun límite de 300.000,00 € por sinistro e anualidade:Si.

Tendo en conta as condicións establecidas no PCAP, á valoración da oferta presentada pola empresa, Mapfre España SA, foi a seguinte:

Empresas	Prima anual	Disminucións franquía	Aumento límites cobertura (%)	Aumento sublímite victima (%)	Cobertura responsabilidade civil publicitaria	Cobertura responsabilidade civil proteccion datos	Total sobre único
Mapfre SA	41,60	12,43	10,00	5,00	2,50	2,50	74,03

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación dun seguro de responsabilidade civil/patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros SA (CIF: A-28.141.935)	74,03

2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación dun seguro de responsabilidade civil/patrimonial da Deputación de Pontevedra e Escola Universitaria de Enfermería á empresa, Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros SA (CIF: A-28.141.935) de acordo co seguinte detalle:

- Prima total anual ofertada:

Prima neta	96.754,51 €
Imposto primas de seguros (IPS) 8%	7.740,36 €
Otros impostos, gastos, tasas ou recargos repercutibles	145,13 €
Prima total anual ofertada	104.640,00 €

- Franquía xeral por sinistro ofertada: 600 €.
- Porcentaxe de incremento de capital asegurado por sinistro e anualidade na cobertura de Responsabilidade civil xeral sobre o mínimo esixido (5.000.000,00 €): 40 %.
- Porcentaxe de incremento de capital asegurado de sublímite por vítima en Responsabilidade civil patrimonial sobre o mínimo esixido (600.000,00 €): 25%.
- Inclusión da cobertura de Responsabilidade civil publicitaria cun límite de 300.000,00 e por sinistro e anualidade: Si.
- Inclusión da cobertura de responsabilidade civil de protección de datos cun límite de 300.000,00 € por sinistro e anualidade: Si.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa, Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros SA . figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

Segundo se desprende dos datos recollidos no citado rexistro acredítanse as condicións de aptitude da Compañía en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, habilitación profesional ou empresarial, (mediante a inscrición no Rexistro Administrativo de entidades Aseguradoras e Reaseguradoras da Dirección Xeral de Seguros e fondos de Pensión con autorización precisa no ramo da Responsabilidade civil) e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia da non prohibición de contratar.



3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á Mapfre España Compañía de Seguros y Reaseguros SA., mediante comunicación electrónica, para que aporte no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación electrónica, de conformidade co establecido no artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a seguinte documentación:

1) Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica:

A) Solvencia económica e financeira

*Deberase acreditar un **volumen anual de negocios**, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución e de inicio de actividades da empresaria ou empresario e de presentación das ofertas, por un importe igual ou superior a unha vez e media o valor estimado do contrato/lote (180.000,00 €).*

O volumen anual de negocios da persoa licitadora acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, si a empresaria ou o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito. As e os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volumen anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

B) Solvencia técnica

Para acreditar a solvencia técnica a licitadora ou licitador deberá presentar os seguintes documentos:

Relación dos principais servizos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato no curso de, como máximo, os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e a destinataria ou destinatario, público ou privado, e precise se se realizaron segundo as regras que rexen a profesión e se se levaron normalmente a bo termo (cubrir o modelo anexo deste prego).

Os servizos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando a destinataria sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración da ou do empresario, xunto cos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de Contratación pola autoridade competente.

O importe anual acumulado no ano de maior execución (sen incluír o Imposto sobre o valor engadido) debe ser igual ou superior ao 70 % do valor estimado do contrato (lote), ou da súa anualidade media se esta é inferior ao valor estimado do contrato (84.000,00 €)

2.- . Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.



3.- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria ao abeiro dos artigos 13 e 15 do RXLCAP que acredite que se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias.

4. Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de actividades económicas na epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo completado cunha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. Sen prexuízo de acreditar a alta no imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións previstas no artigo 82 do Real decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá acreditarse, ben mediante certificación da exención outorgada polo órgano competente, ou ben mediante declaración

responsable de atoparse exento segundo o establecido no artigo 82.1.c) da citada lei.

5.-Documento que acredite a constitución da garantía definitiva, por valor de 5.232,00 €.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a esixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, e a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

2. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso. (Expte.- 2021031396).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con número 2022001751, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para a redacción do proxecto de conservación da envolvente do Castelo de Vilasobroso.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 14-03-2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas se realiza mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un



certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polas empresas licitantes.

Posteriormente, se procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e ás propostas avaliáveis mediante criterios que precisen un xuízo de valor, achegados polas empresas que participan no procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir á única empresa presentada:

- Promove xestión técnica SLP (CIF B-36.570.042)

Así mesmo a Mesa de Contratación acorda dar traslado da documentación correspondente aos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor aos técnicos do Servizo de Arquitectura para que avalíen e ponderen a oferta presentada pola empresa, Promove xestión técnica S.L.P.

3. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliáble mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección de obras de instalacións de biomasa sostíbeis I nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa recollidas nas actuacións do proxecto IDAE num Feder EELL-2020-004535 que conta con financiamento do 80% do FEDER a través do IDAE. (Expte.- 2021066722).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial con numero 2022001804, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de asistencia técnica para a redacción de proxectos e dirección das obras de instalacións de biomasa sostíbeis I: instalacións para o uso térmico da biomasa nos concellos de Cangas, A Cañiza, Portas, Redondela, Tomiño e Vilaboa recollida nas actuacións do proxecto IDAE num FEDER_ EELL-2020-004535 que conta con financiamento do 80% do FEDER a través do IDAE no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostíbeis 2014-2020.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil de Contratación da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 14-03-2022. Na mesma data, publicáronse no Perfil de Contratación os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.



O Secretario informa que a presentación de ofertas se realiza mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polas empresas licitadoras.

Posteriormente, se procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e ás propostas avaliáveis mediante criterios que precisen un xuízo de valor, achegados polas empresas que participan no procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir á única empresa presentada:

- Teswater global S.L.U. (CIF B-27778703)

Así mesmo a Mesa de Contratación acorda dar traslado da documentación correspondente aos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor aos técnicos do Servizo de Cooperación para que avalíen e ponderen a oferta da empresa, Teswater global S.L.U.

4. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara. (Expte.- 2022002147).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 25 de febreiro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dos traballos para a elaboración da avaliación arqueolóxica e histórico-artística do convento de Santa Clara (Pontevedra). O anuncio de licitación deste contrato enviouse para a súa publicación no DOUE e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/02/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descrición e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- -UTE Citania Arqueoloxía SL (CIF B-36.571.057)-Prospectiva y análisis arqueólogos SLP (CIF B-15.626.237)-Gabinete de Arqueoloxía e Xestión Patrimonio SL (CIF B-15.879.570).
- -Patrimonio Inteligente Castilla y León SL (CIF B-47755624).

5. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación available mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de avaliación arqueolóxica e histórico-artística do Convento de Santa Clara. (Expte.- 2022002147).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 25 de febreiro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dos traballos para a elaboración da avaliación arqueolóxica e histórico-artística do convento de Santa Clara (Pontevedra). O anuncio de licitación deste contrato enviouse para a súa publicación no DOUE e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28/02/2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor das empresas admitidas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” que presentaron as empresa admitidas, os técnicos do Servizo do Museo de Pontevedra, para que procedan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

6. Apertura dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)". (Expte.- 2021038292).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 4 de de marzo de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da seguranza viaria na E.P. 2502 Cerquido – Ribadelouro, dende o pq. 1+950 ata o pq. 2+150 (Concello de Tui)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de marzo de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descifrado e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
- ARINES OBRAS Y PROYECTOS, SL
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO SLU
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS S.L.U.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- NAROM S.L.
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

7. *Aprobación de valoración do sobre "A" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, do P.Q. 0+320 ó P.Q. 11+767 (Concello de Rodeiro)". (Expte.-2021046977).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 18 de febreiro de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Reposición de firme na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, do P.Q. 0+320 ó P.Q. 11+767 (Concello de Rodeiro)"



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23 de febreiro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal e as empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
- CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SL
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL
- EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
- FRANCISCO GÓMEZ Y CIA SL
- HORDESCON SL
- MISTURAS OBRAS E PROXEXTOS SA
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA
- NAROM SL

O Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Francisco Alonso Fernández, con data 25 de marzo de 2022, emitiu o correspondente informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

EMPRESA	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	TOTAL SOBRE A
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	22,00	3,00	25,00
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	18,00	3,00	21,00
NAROM S.L.	18,00	3,00	21,00
CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L.	18,00	2,00	20,00
EXPLOTACIONES GALLEGAS S.L.	18,00	2,00	20,00
FRANCISCO GOMEZ Y CIA S.L.	18,00	2,00	20,00
